

RUTA ARQUEOLÓXICA DE O ACEVEDO

Tipo de percorrido: circular
Lonxitude: 10 km
Duración estimada: 3 horas aprox.
Dificultade: Baixa

O concello de Outeiro de Rei é ben coñecido na historiografía arqueolóxica pola abundancia de xacementos tumularios do mesmo xeito que o resto da Terra Chá, xa que se identifica cun corredor natural que permite a conexión entre as terras altas das serras setentrionais ao norte e orientais ao leste, coa dorsal meridiana ao oeste e as terras baixas das depresións de Sarria e Monforte ao sur, facilitando o tránsito de persoas, ideas e mercadorías tanto ao longo da prehistoria como en tempos históricos.

Esta ruta permite un percorrido pechado por un conxunto tumulario moi representativo do concello de Outeiro de Rei no que, non só imos poder ver a necrópole megalítica de O Acevedo, que dá nome a esta ruta, se non que tamén nos atoparemos distintas medorras, túmulos, petroglifos...a maior parte catalogados, e mesmo dous de eles, a Medorra 1 de Acevedo e o Petroglifo de Pena Serrada, teñen a catalogación de Ben de Interese Cultural (B.I.C.)

Pasaremos tamén a carón dun xacemento romano, onde parece ser houbo un asentamento dunha pequena vila romana e onde se atoparon restos de cerámica de construción.



TRAMO DA RUTA

El ayuntamiento de Outeiro de Rei es bien conocido en la historiografía arqueológica por la abundancia de yacimientos tumularios de la misma manera que el resto de A Terra Chá, ya que se identifica con un corredor natural que permite la conexión entre las tierras altas de las sierras septentrionales al norte y orientales al este, con la dorsal meridiana al oeste y las tierras bajas de las depresiones de Sarria y Monforte al sur, facilitando el tránsito de personas, ideas y mercancías tanto a lo largo de la prehistoria como en tiempos históricos.

Esta ruta permite un recorrido cerrado por un conjunto tumulario muy representativo del ayuntamiento de Outeiro de Rei en el que, no solo vamos a poder ver la necrópolis megalítica de O Acevedo, que da nombre a esta ruta, si no que también nos encontraremos distintas medorras, túmulos, petroglifos...la mayor parte catalogados, y mismo dos de ellos, la Medorra 1 de Acevedo y el Petroglifo de Pena Serrada, tienen la catalogación de Bien de Interés Cultural (B.I.C.)

Pasaremos también al lado de un yacimiento romano, donde parece ser que hubo el asentamiento de una pequeña villa romana y donde se encontraron restos de cerámica de construcción.

XACEMENTO ROMANO DE O ACEVEDO

Ao pé do monte, xusto na zona de transición ao val detectouse este xacemento romano pola presenza de cerámica romana e de construción (tégulas e ímbrices) característica.

O xacemento atópase case no centro dunha gran leira de labor de apertura recente, a uns 65 metros á dereita do camiño que conduce a Martul desde Aspai. Distínguese no terreo por unha pequena elevación e por unha coloración diferente na terra (nesta área un pouco máis clara que no resto). Pola microtopografía e dispersión dos achados o conxunto debeu ter unha superficie duns 45 metros de longo por uns 30 de ancho.

Hai interpretacións que conclúen que este foi o lugar de asentamento dunha pequena vila rústica romana.

Atopáronse restos de cerámica de construción (tégula e ímbrice), cerámica común de tradición indíxena, cerámica común romana, un fragmento moi estragado de terra sigillata hispánica de forma inidentificable.



LOCALIZACIÓN XACEMENTO

Al pie del monte, justo en la zona de transición al valle se detectó este yacimiento romano por la presencia de cerámica romana y de construcción (tégulas e ímbrices) característica.

El yacimiento se encuentra casi en el centro de una gran finca de labor de apertura reciente, a unos 65 metros a la derecha del camino que conduce a Martul desde Aspai. Se distingue en el terreno por una pequeña elevación y por una coloración diferente en la tierra (en esta área un poco más clara que en el resto). Por la microtopografía y dispersión de los hallazgos el conjunto debió tener una superficie de unos 45 metros de largo por unos 30 de ancho.

Hay interpretaciones que concluyen que este fue el lugar de asentamiento de una pequeña villa rústica romana.

Se encontraron restos de cerámica de construcción (tégula e ímbrice), cerámica común de tradición indígena, cerámica común romana, un fragmento muy estropeado de terra sigillata hispánica de forma inidentificable.

B.I.C. MEDORRA 1 DE ACEVEDO

Unha medorra é un sepulcro prehistórico da época megalítica, formado por un dolmen ou anta cuberto por un montículo de terra de planta circular. Practicamente non se atopan gravados nos ortostatos das medorras fóra dun sinal antropomorfo que aparece na MEDORRA nº I DO ACEVEDO, merecedora por este feito da catalogación como Ben de Interese Cultural. Este símbolo aparece noutros tres lugares máis da contorna, un deles, catalogado como Gravado de Galva realizado sobre unha rocha. Atopamos outro símbolo deste tipo nunha pedra no exterior da casa reitoral de Martul, fronte a igrexa. Varios autores consideran que probablemente se trate de marcas de termo, é dicir, que indican separación entre parroquias e de execución relativamente recente.



Una medorra es un sepulcro prehistórico de época megalítica, formado por un dolmen o anta cubierto por un montículo de tierra de planta circular. Prácticamente no se encuentran gravados en los ortostatos de las medorras a excepción de una señal antropomorfa que aparece en la MEDORRA nº I DO ACEVEDO, merecedora por este hecho de la catalogación como Bien de Interés Cultural. Este símbolo aparece en otros tres lugares más del entorno, uno de ellos, el gravado de Galva, realizado sobre una roca. Encontramos otro símbolo de este tipo en una piedra que forma parte de la casa reitoral de Martul, frente a la iglesia. Varios autores consideran que probablemente se trate de marcas de término que indican separación entre parroquias y de ejecución relativamente reciente.

B.I.C. PETROGLIFO DE PENA SERRADA

Un petroglifo é un deseño simbólico gravado en rocha, realizado desgastando súa capa superficial. No extremo oeste hai unha combinación de tres círculos concéntricos e unha cazoleta central. Na parte central hai un grupo de varias cazoletas entre diaclasas do granito. Na memoria realizada por Núñez Jato, no ano 1990, menciónanse os gravados rupestres de Penas Herradas, facendo alusión a motivos de forma de ferradura e á súa interpretación pola imaxinación popular que as identifica con pegadas deixadas polo cabalo do Apóstolo Santiago. Na prospección do ano 2019 constátase o gravado de tres círculos concéntricos, aínda que o grupo de cazoletas atópase xa moi erosionado, non descartando a súa orixe natural. Foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) en 2017.



Un petroglifo es un diseño simbólico grabado en roca, realizado desgastando su capa superficial. En el extremo oeste hay una combinación de tres círculos concéntricos y una cazoleta central. En la parte central hay un grupo de varias cazoletas entre diaclasas del granito. En la memoria realizada por Núñez Jato, en el año 1990, se mencionan los grabados rupestres de Penas Herradas, haciendo alusión a motivos de forma de herradura y su interpretación por la imaginación popular que las identifica con huellas dejadas por el caballo del Apóstol Santiago. En la prospección del año 2019 se constata el grabado de tres círculos concéntricos, aunque el grupo de cazoletas se encuentra ya muy erosionado, no descartando su origen natural. Declarado Bien de Interés Cultural (BIC) en 2017.

OUTROS LUGARES DE INTERESE

Ademais da importancia arqueolóxica esta ruta ten moitos máis potenciais e lugares de interese polos que iremos pasando ó longo do seu recorrido. Sen esquecer en ningún momento que nos atopamos no corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño e dentro do espazo protexido Z.E.C. Parga-Ladra-Támoga.

Dentro da arquitectura relixiosa destacaremos a igrexa románica de Martul, que conserva a ábsida desta época. Pasaremos tamén moi preto da igrexa de Aspai, do século XVII, de tipo popular barroca.


Ademais da importancia arqueolóxica esta ruta ten moitos máis potenciais e lugares de interese polos que iremos pasando ó longo do seu recorrido. Sen esquecer en ningún momento que nos atopamos no corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño e dentro do espazo protexido Z.E.C. Parga-Ladra-Támoga.

Dentro da arquitectura relixiosa destacaremos a igrexa románica de Martul, que conserva a ábsida desta época. Pasaremos tamén moi preto da igrexa de Aspai, do século XVII, de tipo popular barroca.

IGREXA DE SAN PEDRO DE MARTUL



RUTA ARQUEOLÓXICA DE O ACEVEDO



AS RUTAS DE SENDEIRISMO DE AS PAISAXES DA AUGA

OUTEIRO DE REI



CASTRO DE REI

AS RUTAS DE SENDEIRISMO DE AS PAISAXES DA AUGA

OUTEIRO DE REI



CASTRO DE REI


RUTA ARQUEOLÓXICA DO ACEVEDO

Inicio/Fin:
Ruta CIRCULAR desde MARTUL

Dificultade:
BAIXA

Duración estimada:
3 horas

10
km



RUTA ARQUEOLÓXICA DO ACEVEDO

Otras / Outras Rutas

- Ruta 'Insua de Seivane'
- Ruta 'Camiño do Miño'

Carreteras / Estradas

- Estatales / Estatais
- Autonómicas
- Provinciales / Provinciais
- Municipales / Municipais
- Caminos / Camiños

Recursos Turísticos

- | | | |
|---|--|--|
| 1 Medora de Acevedo nº 6 _ 225m | 6 Túmulo nº 2 de A Roza das Presas _ 125m | 23 Túmulo do Pico das Mallas _ 150m |
| 2 Pena Dereita | 7 Túmulo nº 4 de A Roza das Presas _ 85m | 24 Coto de Province nº 5 _ 100m |
| 3 Iglesia de San Cibrao de Aspai _ 175m | 8 Medorra de Acevedo nº 7 | 25 Coto de Province nº 2 |
| 4 Túmulo nº 1 de A Roza das Presas | 9 Iglesia / Igrexa de San Pedro de Martul | 26 Coto de Province nº 3 |
| 5 Túmulo nº 3 de A Roza das Presas | 10 Yacimiento / Xacemento romano de Acevedo _ 200m | 27 Túmulo nº 1 de Jolfa |
| | 11 Medorra de Acevedo nº 8 _ 500m | 28 Túmulo del Monte de Pascuais |
| | 12 Medorra de Acevedo nº 5 _ 250m | 29 Medora de Acevedo nº 3 _ 710m |
| | 13 Salto del Piago _ 250m | 30 Área Recreativa de Parada _ 75m |
| | 14 Medorra de Acevedo nº 4 _ 175m | 31 Puente / Ponte colgante de Parada |
| | 15 Medorra de Acevedo nº 1 (BIC) | 32 Isla / Insua de Seivane _ 75m |
| | 16 Túmulo de Pascuais nº 1 | 33 Túmulo nº 5 dos Carrís _ 250m |
| | 17 Túmulo de Pascuais nº 4 | 34 Gravado de Galba |
| | 18 Túmulo de Pascuais nº 3 _ 90m | 35 Túmulo nº 4 dos Carrís _ 110m |
| | 19 Túmulo de Pascuais nº 2 | 36 Túmulo nº 3 dos Carrís _ 370m |
| | 20 Medorra de Acevedo nº 2 _ 130m | 37 Túmulo nº 2 dos Carrís _ 370m |
| | 21 Petroglifo de Pena Serrada (BIC) | 38 Túmulo nº 1 dos Carrís _ 370m |
| | 22 Coto de Province nº 4 | 39 Marcelle Natureza _ Zoológico / Zoolóxico _ 1km |

